

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 12 de decembro 2017 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2016/17, convocados pola Orde do 31 de agosto de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 11 de setembro).

A Orde do 31 de agosto de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2016/17, establece no seu artigo 14.1 que o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo xurado de selección ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que emitirá a correspondente resolución de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez resolta a convocatoria, publicadas as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2016/17, ao alumnado que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Esta resolución de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses



desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO**Premios extraordinarios nas modalidades de Música, Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2016/17****Modalidade de Música**

Cód.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
104493	Rodríguez Otero, Marta	CMUS Profesional Xoán Montes	850 €
124911	Morales Rejas, Laura	CMUS Profesional de VIGO	850 €
109360	Hermida Rodríguez, Marina	CMUS Profesional Manuel Quiroga	850 €

Modalidade de Danza

Cód.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
17405	Vázquez Barreiro, Alejandra	CDAN Conservatorio Profesional de Danza da Coruña	850 €

Modalidade de Artes Plásticas e Deseño

Cód.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
20170929	Fernández Vázquez, M. Teresa	Centro de Artes e Deseño AULA D de Vigo	850 €
136696	Vidal Míguez, Diego	EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela	850 €

CVE-DOG: ho6r8np6-stj0-zu07-hqa3-vjvfgvxdqol9

